

Falece o poeta e xornalista vigués Manuel Vidal Villaverde

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega lamentou o falecemento de Vidal, quen colaborou en diferentes medios de prensa.



Manuel Vidal Villaverde. (Foto: Mark Zlick)

Redacción 21/out./24

O poeta e xornalista vigués **Manuel Vidal Villaverde** faleceu o pasado sábado, día 19 de outubro, na súa localidade natal aos 78 anos de idade.

O coñecido profesional colaborou con medios como *O Progreso*, *Faro de Vigo* ou *Atlántico* e publicou traballos en revistas como *Man Común*, *Graal* ou *Cadernos para o diálogo*.

Como membro da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** ([AELG](#)) participou en numerosos actos, como nos Encontros Galeusca. Precisamente esta organización manifestou o seu profundo pesar polo falecemento do escritor.

Entre as súas obras máis coñecidas atópanse *Luceiros fuxidíos* (1994), *A sombra do inimigo* (1998) ou o ensaio *Contra o tempo* (2003). Vidal Villaverde foi enterrado esta segunda feira no Cemiterio de Pereiró.